

CURSO

'Arte na Galicia do século XX'

24 outubro 2012 – 8 maio 2013

Ana Pereira Molares

Ana Pereira Molares é licenciada en Historia da Arte pola Universidade Autónoma de Madrid, e doutora en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Ao longo da súa traxectoria profesional compaxinou a actividade docente, impartindo clases nos ámbitos do ensino secundario e universitario, cun intenso labor investigador, centrado fundamentalmente no estudio dos perfís tipolóxicos da arquitectura galega ao longo da Idade Moderna.

Froito deste traballo viron a luz numerosas publicacións, entre as que destacan *La arquitectura del pazo en Vigo y su comarca* (COAG); *Os pazos. Moradas fidalgas de Galicia* (Galaxia, Vigo); *Galicia, tierra de pazos*; e *Arquitecturas y arquitectos en la diócesis de Tui*, (Fundación Barrié de la Maza). Tamén é autora de numerosos artigos publicados en revistas especializadas. Entre os máis recentes figuran "El monasterio de Santa María de Oia. Intervenciones arquitectónicas del siglo XVIII", *Quintana*, Revista do Departamento de Historia da Arte, Universidade de Santiago de Compostela, 2003; e "La iglesia parroquial de San Xoán de Amorín: un modelo de templo rural tardobarroco", en *Tui*. Museo e Arquivo Histórico Diocesano, 2001.

Nos últimos anos este eixe de investigación desenvolvido en torno á realidade arquitectónica dun espazo e un tempo determinados, viuse complementado con liñas de reflexión orientadas a outros ámbitos das artes plásticas contemporáneas, que se concretan en diversas publicacións. En 1998 é designada Membro Numerario del Instituto de Estudios Vigueses. O feito de ser a primeira muller que ingresa nesta institución, case ás portas do século XXI, lévaa ao compromiso de coñecer os mecanismos que fixeron que a presenza do colectivo feminino nos diferentes ámbitos da creación artística ao longo da historia fose inexistente. Froito diso aparece o seu estudio *Pintoras viguesas del siglo XX: el largo camino hacia un arte existente*, que constituíu o seu discurso de ingreso na mencionada institución, co que se inicia unha nova senda de estudio centrada na complexa dialéctica existente entre arte, muller e sociedade.

A estes traballos de carácter docente e editorial únese a súa actividade como conferenciante, articulista de prensa, comisaria de exposicións, e a súa participación en numerosos congresos relacionados con diferentes facetas da realidade socio-artística. Dende o ano 2003 é profesora responsable do programa de didáctica da Historia da Arte que se imparte en Caixanova, e imparte cursos de iniciación á Arte Contemporánea para adultos no MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo.